

BASES DO PREMIO

MELLOR TFE EN GALEGO ANO ACADÉMICO 25/26

O PRAZO REMATA O 30 DE SETEMBRO



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



XUNTA
DE GALICIA

CONSERVATORIO
SUPERIOR DE MÚSICA
DA CORUÑA

BASES DO PREMIO AO MELLOR TFE EN LINGUA GALEGA DO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA CURSO 2025-2026

1. OBHECTO DA CONUOCATORIA CONTRIBUÍR Á DINAMIZACIÓN, DIFUSIÓN E USO DA LINGUA GALEGA NA UIDA ACADÉMICA DO ALUMNADO DO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA.
2. DESTINATARIAS/OS PODERÁ PRESENTARSE AO PREMIO AO MELLOR TFE EN LINGUA GALEGA O ALUMNADO DO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA QUE ESTEA MATRICULADO DURANTE O CURSO 2025-2026, QUE ELABORE E DEFENDA O SEU TRABALLO DE FIN DE ESTUDOS (TFE) EN LINGUA GALEGA DURANTE O ANO ACADÉMICO 2025-2026, E QUE OBTENGA CANDO MENOS A CUALIFICACIÓN DE APROBADO.
3. PREMIOS ESTABLÉCESE COMO PREMIO UN DIPLOMA ACREDITATIVO DESTE RECOÑECEMENTO E UN VALE DE 200 EUROS PARA GASTOS EN MATERIAL MUSICAL. NO CASO DE QUE O XURADO CONSIDERE QUE NINGÚN DOS TRABALLOS PRESENTADOS ACADA UN NIVEL ADEQUADO, PODERÁ DECLARAR O PREMIO DESERTO. SEMPRE QUE SE ESTIME PERTINENTE, EXISTIRÁ TAMÉN A POSIBILIDADE DE OUTORGAR O PREMIO A VARIOS TRABALLOS, REPARTINDO O IMPORTE EN ADEQUO, A PARTES IGUAIS.
4. PRESENTACIÓN O PRAZO DE PRESENTACIÓN DOS TFE AO CONCURSO REMATA O 30 DE SETEMBRO DE 2026. O ALUMNADO QUE DESEXE PRESENTAR O SEU TFE ENVIARÁ POR CORREO ELECTRÓNICO AO ENDEREZO ENDL.CSMUS@GMAIL.COM, INDICANDO NO ASUNTO PREMIO AO MELLOR TFE EN LINGUA GALEGA, A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN: -DATOS PERSOAIS (NOME E APELIDOS, TELÉFONO E CORREO ELECTRÓNICO DE CONTACTO). -CONSTANCIA, ASINADA POLO/A PRESIDENTE/A DO TRIBUNAL DO TFE, CONFORME O TRABALLO SE DEFENDEU EN LINGUA GALEGA. -COPIA EN FORMATO PDF DO TRABALLO FIN DE ESTUDOS.
5. RESOLUCIÓN O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA FARÁ PÚBLICA A RELACIÓN DE TRABALLOS PRESENTADOS DURANTE A SEMANA SEGUINTE AO REMATE DO PRAZO DE PRESENTACIÓN. A RESOLUCIÓN FARASE PÚBLICA NA ÚLTIMA SEMANA DO MES DE OUTUBRO DO ANO 2026. O XURADO DO PREMIO AO MELLOR TFE EN LINGUA GALEGA ESTARÁ CONSTITUÍDO POLOS MEMBROS DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO CENTRO. NA VALORACIÓN DOS TFE TERASE EN CONTA O SEGUINTE CRITERIO: -A MAIOR CUALIFICACIÓN NUMÉRICA OUTORGADA AO TFE POLO TRIBUNAL. NO CASO DE EMPATE NA CUALIFICACIÓN TERANSE EN CONTA OS SEGUINTE CRITERIOS, NA ORDE DE PRIORIDADE QUE SE INDICA: I) OBTENCIÓN DA CUALIFICACIÓN MATRÍCULA DE HONRA OUTORGADA AO TFE POLO TRIBUNAL. II) A CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA, O EMPREGO ADEQUADO DA LINGUA E DA ESPECIALIDADE E A CALIDADE NA REDACCIÓN. III) A ABORDAHE DE TEMÁTICAS LIGADAS Á REALIDADE GALEGA. A DECISIÓN DO XURADO É INAPELÁBEL E A PARTICIPACIÓN NO CONCURSO LEVA IMPLÍCITA A ACEPTACIÓN DESTAS BASES NA SÚA TOTALIDADE. O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA COMUNICARÁ Á/S PERSOA/S GANADORA/S A CONCESIÓN DO PREMIO A TRAVÉS DE CORREO ELECTRÓNICO E, IGUALMENTE, A RESOLUCIÓN FARASE PÚBLICA A TRAVÉS DA PÁXINA WEB DO CENTRO.



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



XUNTA
DE GALICIA

CONSERVATORIO
SUPERIOR DE MÚSICA
DA CORUÑA